

Investigación para a produción multimedia

HISTORIAS DUNHA EMIGRACIÓN DIFUSA

de *Xan Leira*

sobre

A EMIGRACIÓN GALEGA A LISBOA

*producida por Acuarela Comunicación sll,
coa colaboración da Xuventude de Galicia de Lisboa,
Secretaría Xeral de Emigración e a Secretaría Xeral de Comunicación
da Xunta de Galicia,*

*por mor da conmemoración do Centenario
da Juventude da Galiza – Centro Galego de Lisboa*

1908 - 2008

acuarelacomunicacion@telefonica.net

www.memoriadagaliza.com

www.exilios.com.es

Investigación para a produción multimedia

HISTORIAS DUNHA EMIGRACIÓN DIFUSA

de Xan Leira

sobre

A EMIGRACIÓN GALEGA A LISBOA

*producida por Acuarela Comunicación sll,
coa colaboración da Xuventude de Galicia de Lisboa,
Secretaría Xeral de Emigración e a Secretaría Xeral de Comunicación
da Xunta de Galicia,*

*por mor da conmemoración do Centenario
da Juventude da Galiza – Centro Galego de Lisboa*

1908 - 2008

PRESENTACIÓN E RECOÑECEMENTO	7
CAPÍTULO 1:	
Fontes para o estudo da emigración galega a Portugal	9
As fontes históricas	11
Os precursores deste movemento migratorio	12
A Inquisición e a diáspora dos xudeo-galegos	13
Novos encontros e desencontros	13
CAPÍTULO 2:	
Evolución cronolóxica da emigración galega e os puntos de destino	15
Evolución cronolóxica e os puntos de destino	18
Reiníciase a mobilidade migratoria penínsular	18
Portugal no destino das nosas migracións	19
CAPÍTULO 3:	
O fenómeno da emigración galega cara o Portugal	21
O desenvolvemento económico de Portugal	24
A procedencia dos nosos emigrantes	24
A presenza galega na cidade Alfacinha	25
Motivacións para a permanencia «á galega» en Portugal	27
A consolidación do fenómeno migratorio	27
O século XIX e as perdas das colonias americanas	28
A desaceleración, máis non a interrupción do proceso migratorio ..	28
A emigración americana «silencia» á portuguesa	29
A burocracia e unha emigración imposible de regular	29
A emigración galega ao Portugal durante o século XX	32
A emigración cara a Europa	33
A emigración portuguesa cara a España	34
Galicia-Portugal un novo e actual mercado de traballo	34
CAPÍTULO 4:	
Características da emigración galega a Lisboa	35
Os nenos emigrantes	37
Unha emigración netamente masculina	38

O traballo sempre duro	39
Os galegos «inventores» de servizos	40

CAPÍTULO 5

A emigración dende o interior de Pontevedra entre 1800 - 1950	43
O destino destes emigrantes	45
Repercusións negativas pola crise dos viñedos do Douro	46
A emigración a ultramar	47
Brasil é o destino migratorio dos emigrantes destas parroquias	48
Algunhas particularidades destas comarcas	49
As consecuencias nas economías familiares	49
As consecuencias demográficas	49
As consecuencias «antropolóxicas»	49

CAPÍTULO 6:

A Lisboa galega	51
Os oficios	54
A Romaría dos galegos	58
As relacións intracomunitarias dos galegos	59
O asociacionismo galego. O Centenario d'A Juventude da Galiza	60
Personalidades galegas na vida lisboeta e portuguesa	61

APÉNDICE DOCUMENTAL 63

ANEXO I: Diferentes percepcións dos galegos a través da literatura	65
ANEXO II: Tipos de Portugal. Os Aguadeiros	69
ANEXO III: Tópicos sobre os galegos	92
ANEXO IV: Xenealoxías de orixe galega	96
ANEXO V: Unha historia real (fuxida por Portugal)	98
ANEXO VI: Galegos ilustres en Portugal	100
ANEXO VII: Cantigas sobre a emigración	157

Presentación e recoñecementos

Este traballo sobre o fenómeno da emigración galega a Portugal non sería posible sen os estudos e as investigacións que, ao longo de moitos anos, desenvolveron a “contracorrente” algúns autores entre os que podemos salientar o profesor Domingo González Lopo, da Universidade de Santiago de Compostela –autor que máis traballos ten publicados sobre este tema e que o convirte, posiblemente, no investigador que máis coñeza deste fenómeno secular–, e o profesor Jorge Fernandes Alves, da Universidade do Porto–, que constitúe unha referencia dentro da bibliografía portuguesa–.

O presente traballo coordinado por Xosé Moledo e Xan Leira só consistiu en afondar estas liñas de investigacións e unir e sintetizar nun só documento as diferentes e esparcidas aportacións que a escasa bibliografía ofrecía.

Agora ben, á hora de afrontar a elaboración do nosa investigación púxose de manifesto que a emigración galega a Lisboa é un tema pouco estudado e, en grande medida esquecido e mesmo ocultado. Máis, ¿realmente existiu a emigración a Portugal? Foi a pregunta coa que nos atopamos moitas veces ao longo deste tempo. Existiu, e ademais foi moi importante... era a nosa resposta. Esta situación, bastantes veces vivida, só pon en evidencia que se trata dun tema inxustamente esquecido, mesmo pola historiografía adicada aos estudos migratorios.

Só cabe, pola nosa parte, expresar o noso maior agradecemento a todos os autores que teñen traballado sobre este tema e moi especialmente a estes dous autores sen os que a nosa investigación tería sido moito máis complicada e deficiente. Grazas polo seu traballo e pola súa consideración para con nós.

CAPÍTULO 1

Fontes para o estudo da emigración galega a Portugal



A emigración galega cara o Portugal é un proceso dilatado no tempo e á vez silenciado, que tivo, e aínda ten, importantes consecuencias socioeconómicas e culturais para a poboación galega e para a propia sociedade de acollida. Non por descoñecido é menos importante que outros procesos migratorios desenvolto posteriormente, concretamente a emigración ás Américas.

A emigración de galegos ao Portugal podémola caracterizar como unha emigración de mobilidade de ciclo curto, que tivo un peso considerable nos desprazamentos humanos europeos ata o desenvolvemento do episodio migratorio americano co que incluso conviviu durante décadas.

As fontes históricas

Dado o remoto da historia da emigración obxecto que estamos a investigar, é difícil atopar documentación que acredite a cualidade e a cantidade deste movemento migratorio, anterior á segunda metade do século XIX. Polo tanto, a base documental sobre a que se basea a investigación histórica é a de informes como os arquivos parroquiais, que teñen un lugar destacado entre as fontes.

Entre os historiadores adicados á investigación migratoria adquiriu especial relevancia a consulta e estudo das honras de ausentes reflectidas nos libros de funerais. A elas se uniron os certificados de soltería mencionados nos rexistros matrimoniais ou os cálculos das taxas de masculinidade entre falecidos. A esta documentación fóronse engadindo de xeito progresivo outro tipo de fontes complementarias: protocolos notariais, padróns fiscais, censos municipais ou policiais, listas de recrutamento militar, rexistro de enfermos en instalacións hospitalarias, rexistro de expedición de pasaportes...

Existen outra serie de fontes complementarias de grande interese, entre as que podemos salientar os cadernos sobre os barcos do Texo, con relación á carga e descarga para atopar ós mozos de fretes galegos; as coleccións de costumes e comportamentos cidadáns na cidade de Lisboa; as coleccións de estampas sobre as rúas de Lisboa; o famoso costumario de Portugal de Henry Lèveque (en inglés); un costumario portugués ilustrado e, con él, 14 costumarios ingleses sobre Portugal (libros de difícil acceso dado que a maioría son do século XVIII e das tres primeiras décadas do XIX); os diversos aparellos, como cubetes, placas e indumentaria dos *aguadeiros* expostos no Museo da Cidade de Lisboa; as literaturas populares ou de cordel (onde o emigrante galego aparece aldraxado ou, pola contra, xenerosamente reivindicado); as crónicas ou apuntamentos dos extranxeiros que mencionan aos galegos en Lisboa (moitos deles nos seus respectivos idiomas de orixe); a testemuña de múltiples escritores, algún botando un parrafeo ou dando un dato solto; e por último, as coleccións de debuxos, litografías, gravados e postais. Sen lugar a dúbidas as partes gráfica e documental constitúen as fontes máis complicadas de atopar, porén, son as máis esclarecedoras e definitivas.

Os precursores deste movemento migratorio

O fluxo de galegos cara ao Portugal remóntase á propia Reconquista. A relación da Galiza coas terras situadas ao sur do Miño ven de lonxe, pois xa na Idade Media existían contactos moi intensos entre ambas beiras do río Miño, baseados en intereses económicos recíprocos fundamentalmente pesqueiros e comerciais, que explican a propensión dos galegos, polo menos da burguesía e parte da nobreza, a se aproximar á Coroa portuguesa durante os conflitos que a opuxeran a Castela, durante a segunda metade do século XIV. Estes mesmos grupos non desdenan a posibilidade de integrar o seu territorio no ámbito territorial da monarquía lusa.

Un dos episodios máis famosos da historia conxunta, e rozando o lendario, fai referencia á política de matrimonios mixtos, vivida día a día a carón das fronteiras, e mesmo esta práctica chegou até as altas xerarquías. Referímonos ao caso de Inés de Castro –a mediados do século XIV– no seu vencello coa máis nobre dinastía lusitana, que acabou en traxedia e vingada anos máis tarde por don Pedro, sendo xa o monarca de Portugal.

Os primeiros transvasamentos de galegos cara o Portugal se enmarcan, sobre todo, nas convulsións políticas dos séculos XIV e XV, entre Castela e o país veciño, onde o Conde de Andeiro introduce en Portugal unha emigración da que dan conta os cronistas de D. João I.

Unha proba da presenza de galegos moi cedo é o documento datado na cidade do Porto o 30 de novembro de 1363, polo que se autoriza o establecemento definitivo

nos arredores da cidade dunha comunidade de mariñeiros galegos que se viñan encargando de fornecer ao mercado local o peixe que obtiñan nesas costas.

Poucos anos despois, outros documentos portugueses –datados no ano 1371– dan constancia da presenza dunha máis que discreta colonia galega en Lisboa adicada a actividades modestas, de pouco aprecio por parte dos traballadores lusos (características que atoparemos de novo, repetidas veces, séculos despois). Nestas crónicas amósanse os prexuízos que, daquela, xa tiñan os lisboetas sobre a presenza de galegos na cidade, que eran alcumados de truáns, miserables e camorristas, dos que a cidade non obtiña proveito, senón todo o contrario. Os lisboetas sentían que polo comportamento aforrador dos galegos, perdían os cartos que se levaban ao regresar aos seus lugares de orixe. Din as crónicas da época: “*regataaes, çapateiros e alfayates e bufaes, que non carregan nem avemos delles prol nehua*”, “*homes refeces e de pouca prol*”, “*magarefes e guanha dinheiros galegos...*”.

A Inquisición e a diáspora dos xudeo-galegos

Outra modalidade de transvasamento poboacional é a do protagonizado polo exilio forzoso, entre os séculos XVI e XVII, dos xudeo-galegos das xuderías de Ribadavia, Ourense e Allariz, que coa expulsión vehiculada pola *Santa Inquisición* se refuxian en Portugal. Se ben as datas de 1492 e 1496 sinalan os fitos da expulsión dos xudeus de Castela e Portugal, a fronteira galego-portuguesa volve a ser un punto de encontro e acollemento en moitas aldeas e vilas que reciben parte do continxente xudeu, aproveitando os seus saberes e a acción positiva desta repoboación.

A xudería de Tui foi das que máis alongaron a súa supervivencia no tempo, xa que o tribunal da Inquisición tardou case un século en principiar as súas actuacións en Galiza, fronte ao resto da Península. Estes xudeus galegos refuxiados en Portugal, teñen máis tarde problemas coa Inquisición e bótanse á aventura migratoria do Brasil e das colonias portuguesas de África. Concretamente na ex-colonia de Angola, nos antigos arquivos dos xesuítas hai referencias deste movemento migratorio producido polos cristiáns novos de orixe galega, que continuaban a xudaizar a súa vida e costumes.

Novos encontros e desencontros

Probablemente os contactos entre Galiza e Portugal se intensificáron a partir de 1580, durante o período de unión entre as dúas coroas peninsulares, pois se ten constancia de que os portugueses aproveitaron esta circunstancia favorable para

se introduciren en Castela, isto é máis evidente se consideramos que nesa época a poboación de Galiza atravesaba un período de mobilidade. Pero o certo é que as fontes existentes son demasiado tardías para documentar este fenómeno, que fica truncado novamente coa separación de 1640. A chamada *Guerra de Restauração* polos portugueses, foi o tempo máis trágico da Historia para as poboacións da fronteira galego-lusitana.

Porén, a proximidade xeográfica e cultural das sociedades fronteirizas fai que, poucos anos despois, aproximadamente en 1660, se acentúe a presenza de galegos en Vila do Conde, Viana do Castelo e Porto. Algo semellante debeu acontecer en Lisboa, pois o inicio da guerra con España en 1640 provocou unha orde de expulsión contra os galegos residentes na Corte, o que parece suxerir a presenza dun colectivo, cando menos apreciable. A carencia de documentación impide que o fenómeno sexa estudado en profundidade: son escasos os arquivos parroquiais para a época, e cando se xeralizan, aconteceu xa a ruptura provocada pola *Restauração*, que por espazo de case trinta anos manterá cortada a comunicación entre as terras situadas ao norte e sur do río Miño e a Raia Seca. De todos os xeitos, boa parte deste período, polo menos na Galiza occidental, que é tamén a máis volcada cara o territorio portugués, debeu coincidir coa fase de atonía migratoria, da que xa falamos.

Un novo desencontro histórico, agora baixo o contexto do conflito pola sucesión á Coroa española (Guerra de Sucesión, 1704-1715) volveu a pechar o territorio luso á presenza galega. Ata o remate desta Guerra de Sucesión, foron Castela e Andalucía as rexións que constituían os dous grandes polos de atracción da man de obra galega.

Será necesario agardar ao fin deste conflito para que o territorio luso se converta novamente nun foco de atracción para os traballadores galegos.

CAPÍTULO 2

Evolución cronolóxica da emigración galega e os puntos de destino



Aorixe da nosa emigración ao país veciño hai que buscala na esencia e na historia mesma de todo movemento migratorio, que radica na unión de dous factores básicos: unha alta densidade demográfica que Galicia tiña daquela, xunto a unha economía agrícola de subsistencia, deficitaria e sometida permanentemente a un proceso de descapitalización pola dobre vía do imposto e a renda que empobrecía de xeito constante e regular a súa poboación. A emigración, polo tanto, sería unha válvula de escape forzada, un mecanismo de autodefensa colectivo disposto ao servizo do equilibrio poboacional, como así tamén, a producir os recursos alternativos necesarios para compensar as deficiencias do sistema produtivo. Porén, non hai que deixar de mencionar outros factores tales como as dinámicas familiares, as redes sociais, o papel das autoridades, tanto municipais coma estatais, que interveñen pola vía da presión fiscal ou dos recrutamentos militares.

Outro factor, apuntado polo profesor Eiras Roel, é o tamaño das familias, factor no que sinala que existe unha relación estreita entre as familias numerosas e as familias con máis integrantes dela na emigración.

No caso da emigración galega cara o Portugal detéctase unha aparente paradoxa, pois Portugal é un país de emigración estrutural é simultaneamente un país de recepción. Pero, ao mesmo tempo, se detecta en Galiza unha afluencia de emigrantes portugueses na procura de traballo, alén das inevitables deambulacións fronteirizas de veciñanza. Estes movementos migratorios son feitos que se poden relacionar coa especialización profesional, adscrita a determinadas localidades, que obriga a eses grupos a buscar traballo en áreas cada vez

máis amplas: é o caso dos canteiros, albaneis, ou produtores artesanais para consumos urbanos. Tamén, están os traballadores de moi curta idade e os traballadores indiferenciados, con pouco máis que ofrecer que a súa forza física, para empregala nas funcións do transporte de mercadorías, servizos portuarios e ocupacións fabrís en sectores con pouca mecanización, principalmente nas áreas urbanas.

Evolución cronolóxica e os puntos de destino

Entre finais do século XVI e comezos do XVII acádanse cotas moi significativas no proceso migratorio galego, como acontece, tamén, noutras rexións da fachada Norte peninsular. Referímonos neste período, principalmente, á emigración cara a Meseta castelá: a sega en Castela e as tarefas máis urbanas en Madrid.

A esta fase séguelle outra de atonía migratoria, dende as décadas centrais do século XVII. Esta fase coincide cunha crise económica secular en Madrid (1630-1740). Isto coincide cun período de expansión agrícola en Galiza, coa penetración do millo e a roturación de novas terras, que vai empregar o excedente de man de obra. Á súa vez, o aumento do diezmo e a renda estimula outros sectores da economía, como a actividade construtora, que tamén vai empregar este excedente de man de obra que antes se dirixía á España interior.

De todos os xeitos, o proceso migratorio non desaparece do panorama social, humano e económico de Galiza, senón que baixa a súa intensidade.

Reiníciase a mobilidade migratoria penínsular

Promediando o ano de 1670 reiníciase as migracións cara ó Sur da Península, fundamentalmente e adquirindo paulatinamente maior importancia dende as primeiras décadas do século XVIII. Un cúmulo de circunstancias explican este reinicio migratorio que estivera adormecido perto de cincuenta anos. Novamente, as causas recurrentes dos procesos migratorios volven a impulsar este fenómeno: as altas taxas de natalidade, o minifundismo improdutivo, a

degradación do poder adquisitivo dos salarios e a recuperación económica castelá, que de novo demanda man de obra e se torna outra volta unha táboa de salvación para os traballadores galegos.

Unha serie de transformacións, que se suceden no resto do Estado, favorecen a formación dun atractivo mercado de traballo para os emigrantes galegos: especialmente urbano en Andalucía, onde Cádiz despraza a Sevilla na preferencia dos nosos emigrantes, cando se converte en capital do comercio con América dende 1680; e maioritariamente agrícola e de carácter estacional en Castela, coa excepción de Madrid que, como dixeramos anteriormente, se consolida como un foco urbano. Neste contexto temporal aparece La Rioja, cunha demanda crecente de temporeiros para a cava e a vendima.

A restauración do fenómeno migratorio leva consigo, tamén, a reorientación nos desprazamentos, e a aparición de Portugal como destino regular e constante que, ata a aparición do mercado de traballo americano, acabará consolidándose como o destino preferente dos galegos.

Portugal no destino das nosas migracións

Os movementos migratorios de traballo cara ao Portugal detéctanse de forma regular pero de xeito pouco significativo xa dende o século XVII (de forma masiva, dende o XVIII), cando xurden oportunidades estacionais das producións agrícolas, como é a seitura do millo no Alentejo ou os traballos nas viñas do Douro.

Cara estas tarefas agrícolas estacionais acodían os traballadores galegos coma os portugueses do Minho, Trás-os-Montes e Beiras, homes que proviñan de terras improdutivas, con pesadas cargas impositivas e baixos salarios. As ganancias producidas nestas duras tarefas agrícolas eran fundamentais no intre do retorno, xa que o “metálico” facilitaba o sustento familiar, o casamento dos mozos e abría as portas a novos emprendementos vitais ou económicos.

Hai outros elementos, non menos importantes neste contexto histórico, que promoven a paso da fronteira, e que son: as guerras entre Portugal e Cataluña (1640) –que provocan a negativa dos mozos galegos a alistarse nas milicias e a escoller o camiño da deserción marchando temporalmente ao país veciño–; e a demanda de man de obra escrava para ser ocupada nas grandes plantacións e

factorías de azucre do Brasil deixando un baleiro considerable no mercado de traballo das grandes cidades. A man de obra negra, ocupada en diversos servizos urbanos, sobre todo en Lisboa, foi levada para a colonia brasileira e estes servizos foron ocupados primeiramente polos portugueses do norte e, logo, pola man de obra barata e galega.

CAPÍTULO 3

O fenómeno da emigración galega cara o Portugal



As fontes impresionistas portuguesas¹ sinalan o primeiro cuarto do século XVIII como inicio deste fenómeno migratorio, momento, tamén, onde aparecen documentadas as primeiras partidas de defunción nas parroquias galegas de veciños emigrados ao Portugal. Nos anos 20 deste século algúns crónistas estranxeiros que pasan por Lisboa xa sinalan aos galegos coma un colectivo numeroso, visibles na xeografía urbana e cunha personalidade ben definida.

Sirvan de primeiro exemplo os relatos do señor de La Melonnière, que ao referirse á súa estancia en Lisboa, na década dos vinte do século XVIII, menciona aos galegos coma un colectivo con personalidade propia e perfectamente integrado no servizo doméstico da corte portuguesa:

En canto un buscou unha habitación propia hai que tomar un deses galegos que fan o oficio de criados, de marmitón e de provedor.

O peso dos naturais da Galiza no ámbito urbano de Lisboa non soamente chama a atención dos viaxeiros estranxeiros senón que comeza a ocupar a atención e a preocupación dos escritores e políticos lusos. Matos Sequeira escribe en *Os cidadaos de Tui*: “Nao logrei apurar ao certo quando começou a vinda para Lisboa desses laboriosos cidadaos, mais julgo fora de dúbida, que foi no primeiro quartel do século XVIII que mais se acentuou a súa emigração (...) para a nosa capital. No século XVII nao acho vestixios deles”.

Respecto ás causas que xustifican o cambio de orientación migratoria, no caso concreto de Lisboa, destino preferente para moitos dos galegos que cruzan a fronteira portuguesa, podemos sinalar o incremento da actividade comercial do seu porto, como consecuencia do despegue económico do Brasil e os acordos mercantís asinados con Inglaterra a partir de 1703.

¹ SEQUEIRA, G. de Matos: *Os cidadaos de Tui*, en *Tempo pasado (Crónicas alfacinhas)*. Lisboa, 1923, p. 65.

O desenvolvemento económico de Portugal

Ao mesmo tempo que Portugal se ía convertindo nunha terra moi atractiva dende o punto de vista laboral para os galegos, a súa propia poboación e moi especialmente os habitantes do norte portugués, que daquela ofrecían os seus servizos na capital lusa—, abandonaban o país en dirección ás colonias ultramarinas e moi especialmente cara ao Brasil, que se converte, dende o ano de 1667, nun destino moi apetecido polos emigrantes portugueses polo descubrimento de minas de ouro. Aínda que o Estado tenta restrinxir, a través de decretos, a saída dos seus naturais para aquela colonia, a súa emigración, lonxe de diminuír, tórnase descontrolada. Esta emigración en masa, que multiplicou por dez o volume da poboación da colonia brasileira, durante o século XVIII, repercutiu demográficamente no Norte-noroeste do país, nas rexións máis densamente poboadas do Portugal continental (Minho e Beira occidental), que posúen una estrutura económica e agraria moi semellante á galega.

Serán, entón, estas novas condicións socioeconómicas polas que atravesaba Portugal, a partir de principios do século XVIII coincidindo cun longo período pacificador, corroborado pola sinatura da paz entre as dúas coroas no Tratado de Lisboa, en febreiro de 1715, as condicións que expliquen a atracción crecente que o país veciño comeza a exercer sobre os homes galegos.

A evolución deste continxente humano na capital lusa vai acompañar ao crecemento e ao dinamismo demográfico da cidade *alfacinha*. Documentos de comezos do século XVIII cifran os habitantes de Lisboa entre 133/135.000 individuos que pasarán, poucos anos despois a 165/168.000 en vésperas do Terremoto que destruíu a cidade de Lisboa. Dentro destas cifras hai que sinalar una colonia de estranxeiros composta de aproximadamente 7.000 individuos.

Domingo González Lopo ten estudado a presenza de galegos en Lisboa antes do terremoto a través dos rexistros hospitalarios de Lisboa. O investigador analiza diversos aspectos, como a procedencia xeográfica dos emigrantes.

A procedencia dos nosos emigrantes

Se nos centramos na procedencia xeográfica dos emigrantes galegos ao Portugal podemos observar un claro predominio da Galiza atlántica respecto á interior, principalmente do territorio suroccidental galego. Pero un análise moito máis polo miúdo, nos leva a diferenciar catro focos principais: dous pontevedreses ben diferenciados e dous ourensáns máis dispersos e fragmentados.

No primeiro caso pontevedrés temos ao Norte unha área que se articula en torno á cidade de Pontevedra, na que o porto, seguramente, debeu facilitar os

contactos coa capital portuguesa. Ao sur da capital provincial hai outro bloque territorial perfectamente delimitado, e próximo á fronteira portuguesa, que son as comarcas de O Condado –concellos de Mondariz, Pontearreas, Salvaterra do Miño e As Neves–, e A Paradanta –O Covelo, A Cañiza, Crecente e Arbo–, ás que cabe engadir os municipios de Pazos de Borbén e Fornelos de Montes ao norte e O Porriño e Tui ao oeste.

A mediados do século XVIII estas zonas están densamente poboadas, cunhas densidades poboacionais que oscilan entre os 75 e os 125 hab. /km² no medio dun entorno natural desfavorable para o cultivo e a explotación da terra, como ocorre, tamén, nas terras altas de Mondariz, O Covelo e A Cañiza. Outros concellos da provincia de Pontevedra participarán máis tarde deste movemento migratorio: Ponte Caldelas, A Lama, parroquias de Cotobade e do Baixo Miño.

A procedencia ourensana dos nosos emigrantes a Lisboa, esta situada na zona occidental do interior: concellos do Sur da comarca de O Carballiño –Maside e San Amaro–; as áreas centrais de A Terra de Celanova e, en especial, A Baixa Limia –Bande, Lobeira, Lobios e Muiños–. Estas últimas áreas montañosas e cunha máis que respectable densidade de poboación que acada as súas maiores cotas en Bande –entre 75 e 100 h/km²– e as menores en Lobios e Calvos de Randín –entre 25 e 50 hab. /km²–.

A presenza galega na cidade Alfacinha

Ao longo da segunda metade do século XVIII os emigrantes galegos son un colectivo numeroso e ademais cunha personalidade ben definida que a documentación identifica regular e perfectamente segundo as numerosas referencias escritas que se conservan: “*vestía á galega*”, “*galego do saco*”, “*parecía galego*”, “*foi trazido por galegos*”. Estas e outras expresións non son difíciles de atopar nos rexistros. Nesa mesma época o galego era xa retratado na literatura de viaxes e na documentación administrativa lusa coma un colectivo ben integrado na sociedade, e mesmo indispensable na área de servizos.

Esta presenza non fai máis que aumentar, agás no breve interregno entre 1762-63, por mor dunha nova guerra entre as dúas Coroas –a Guerra dos Sete Anos, que a historiografía portuguesa denomina “A Guerra Fantástica”–, pero o fenómeno humano, cultural, social e económico da emigración galega a Lisboa estaba fortemente implantado e consolidado.

Ante este novo fenómeno de traballadores estranxeiros, adicados íntegramente a satisfacer de servizos á cidade, as propias autoridades de ambos os dous países fican preocupadas. Sirvan de exemplo as inquiredanzas expresadas polos intelectuais españois ante un éxodo cada vez máis importante e que, segundo os principios económicos de entón, “*considerábase perxudicial para os intereses patrios,*

ó tratarse dunha forza de traballo desperdiciada en beneficio dunha potencia rival". Os escritos dos contemporáneos resultan moi esclarecedores á hora de interpretar algunhas das características deste fenómeno, en especial o Informe que redacta o Conde de Campomanes en 1764 en resposta ao documento do entón Capitán General de Galicia, Marqués de Croix, quen propuña, entre outras solucións para impedir a emigración, a confiscación dos bens dos emigrantes.

No seu documento, Campomanes, daquela fiscal do *Consejo de Castilla*, despois de sinalar a inutilidade da medida confiscatoria proposta por Croix, "*porque los que salen a Portugal no los tienen*", analiza as causas da preferencia galega pola emigración a Portugal en detrimento doutros destinos tradicionais. A proximidade e identidade da lingua, "*casi una en sí*", é a primeira; ademais das inxustizas á que eran sometidos os segadores naturais de Galicia cando optaban por Castela: unha consistía en fixarlles o xornal en vez de permitirllles que éste fora concertado libremente; nos reclutamentos para servir no exército, escollíanse estes traballadores temporais "*y con tal arte que siempre hacen recaiga en ellos la suerte*", librándose deste xeito os casteláns do servizo de armas.

Cabe salientar, tamén, un xeito definitorio á hora de definir o rumbo migratorio, por una banda os salarios eran superiores en Portugal, e pola outra, a moeda portuguesa tiña máis valor ca española. Por iso o éxodo cara o país veciño, lonxe de diminuír, continuou aumentando, sendo a provincia de Tui, xa a comezos do século XIX, unha das que máis contribuíron a engrosar este continxente, tal como informa Lucas Labrada.

“Pola parte portuguesa, os crónistas e autoridades lamentábanse da perda económica que supuña a saída cara a Galicia de tantas divisas que os traballadores portugueses deixaban escapar pola súa “*ruinosa indolência e preguiça*”.

Pouco a pouco, a presenza dos galegos foise facendo máis significativa, sendo moi citado o episodio relacionado cunha proposta de expulsión, na situación de guerra de 1801, que non foi adiante pola oposición do Intendente da Policía quen comprendeu que botalos do país significaría non ter “*quem servisse as cidades de Lisboa e Porto*”. De feito, a finais do século XVIII, algunhas fontes falan de 80.000 galegos en Portugal, dos que a metade estarían na capital. Algúns chegaron mesmo a levar máis lonxe as implicacións que podía ter esta estreita relación entre os habitantes do Noroeste e o país de acollida, non dubidando en elaborar utópicos proxectos de conquista militar dun territorio que sempre foi apetecible para o Estado luso².

² VICENTE, A. Pedro. 1995. *Reflexos da política de Godoy reativa a Poartugal: um projecto de conquista da Galiza en 1796*. En *Amar, sentir e viver a História. Estudos de homenagem a Joaquim Veríssimo Serrão*. Cruz, M^a do R, et al. Lisboa.

Motivacións para a permanencia «á galega» en Portugal

Entre os motivos que empurraban aos galegos cara a Portugal podemos salienta-
tar as boas condicións de acollida, a proximidade da lingua, un mercado de traba-
llo dinámico, promovido pola emigración dos propios traballadores portugueses
ás colonias, a proximidade que permitía a temporalidade, as boas condicións eco-
nómicas e o equilibrio demográfico que producían –sen pretendelo– entre una
terra saturada de habitantes e outra que requería máis mán de obra.

Só a modo de exemplo, podemos salienta-
r o benestar do sector vitivinícola da
rexión do Douro que, dende finais do século XVII, estaba atravesando un ciclo
coxuntural moi positivo pola apertura do mercado inglés aos viños portugueses e
a constitución en 1756 da *Compañía Geral da Agricultura das Vinhas do Alto
Douro*, que deron pé ao aumento das exportacións de viño en dirección á Inglate-
rra e ao Brasil. A cidade do Porto experimentou un notable desenvolvemento eco-
nómico e un crecemento poboacional. Algo semellante sucedeu en Lisboa, na
mesma época, debido como xa dixéramos ao desenvolvemento económico do
Brasil, multiplicándose de forma notable as actividades mercantís e manufactu-
reiras, en especial durante o *período pombalino*³.

A consolidación do fenómeno migratorio

É sen dúbida o grande desastre do terremoto que devastou a capital *alfacinha*,
en novembro de 1755, que, lonxe de aminorar a súa capacidade de atracción la-
boral, pasados os primeiros intres de confusión e desconcerto, Lisboa se viu favo-
recida pola acción da reconstrución e da reimplantación dos seus servizos.
Converténdose, nese preciso intre, nun foco de atracción inesgotable para o tra-
ballo desmedido e sacrificado dos galegos que, durante décadas, estiveron adica-
dos ao desescombros e á reconstrución. Neste proceso, na cidade de Lisboa hai un
aumento no número de fogares dun 30 % entre 1780 e 1800.

Deste xeito, o progresivo aumento da emigración galega cara o país veciño e a
súa ampla distribución espacial polo seu territorio, se explican, en boa medida,
pola prosperidade que xenera o ouro brasileiro e o baleiro demográfico que causa
o éxodo dos seus naturais cara esta colonia.

Evidentemente, os aportes da poboación galega non compensaban o forte tras-
vase de portugueses cara a América lusa, debido ao carácter transitorio da súa
presenza en territorio luso, aínda que sí viu a encher un importante déficit de man
de obra, algo do que eran perfectamente conscientes os portugueses. Este feito

³ DE CARVALHO E MELO Sebastião José, o Marquês de Pombal, primeiro-ministro de Portugal de 1750 a 1777.

queda fielmente reflectido nas palabras que Eduardo de Noronha pon en boca do protagonista da súa novela *Memorias de um galego* (Porto, 1912):

Os portugueses vao para o Brasil, nos vamos para Portugal, é mais perto, melhor caminho e ganha-se mais dinheiro.

O século XIX e as perdas das colonias americanas

O século XIX introduciu algúns cambios que, malia todo, non alteraron significativamente a situación da consolidación de Portugal como destino dos nosos emigrantes.

Por unha banda, as cidades andaluzas van perdendo atractivo polo continuo e regular proceso de independencia americana que aminora as súas fontes de ingreso e, pola contra, Portugal encara o século XIX con optimismo: as peculiaridades da independencia brasileira e a importancia do comercio luso-británico apenas alteraron o movemento dos grandes portos portugueses ao tempo que estimularon o desenvolvemento da rexión vitícola do Douro, que mantén un continuado proceso de expansión. Non é polo tanto extraño ese trasvase de poboación galega –ben con carácter estacional, ben con carácter plurianual– cara o interior das rexións do Minho, Tras-os-Montes, Alto Douro e Douro Litoral, e as localidades urbanas da orla marítima portuguesa: Viana do Castelo, Porto, Setúbal e Lisboa.

A esta situación socioeconómica, se engade, novamente, o aumento das obrigas militares a que se verán sometidos os mozos galegos como consecuencia do incremento da axitación interna e colonial ao longo de todo o século XIX. O número de desertores non deixa de aumentar e de nada serven todos os intentos entre os dous países por frear esta situación. Portugal tamén era un refuxio para os mozos que escapaban das obrigas forzadas da milicia.

A desaceleración, máis non a interrupción do proceso migratorio

Nas primeiras décadas do século XIX conflúen unha serie de factores que inflúen negativamente na explotación e comercialización dos viñedos do Porto e os traballadores agrícolas marchan cara as cidades, reforzando o sentido urbano dos nosos emigrantes.

Esta situación vaise manter ao longo dunha parte significativa deste século, sexa pola competencia dos mostos andaluces, sexa polo aumento dende 1839 dos

dereitos aduaneiros sobre o viño portugués do Brasil, o ataque do *oidium* nos anos cincuenta ou da filoxera dende 1863, o certo é que o século XIX é una etapa de fortes cambios e de transición dos fluxos migratorios galego, portugues e internacionais. Aparece o fenómeno da emigración masiva e ultramarina, marcada pola segunda revolución industrial e a urbanización do mundo.

A emigración americana «silencia» á portuguesa

O grande fenómeno da emigración transoceánica europea e a longa crise que se vive nas zonas da Galiza e de Portugal, que tradicionalmente servían de destino para os nosos emigrantes, leva a que o éxodo americano acade unha maior dimensión e repercusión que a emigración continua, regular e persistente da nosa xente a Portugal.

A “tradición” migratoria galega cara o país veciño está consolidada baixo a súa particularidade histórica, económica e social e non decae, máis fica agochada polo éxodo masivo cara ás Américas.

Portugal, sofre, tamén, un novo éxodo da súa poboación cara os novos países do ultramar, e novamente, o país require de man de obra allea para soster o seu desenvolvemento interior.

É importante salientar que até ben entrado o século XIX non hai estatísticas oficiais que poidan medir esta e outras cuestións de interese, pero xa os estudos realizados sobre a inmigración á cidade do Porto amosan que entre os anos 1875 e 1888, se está a vivir o auxe da emigración galega a esta cidade, que aínda experimenta unha certa tendencia positiva entre os anos 1885-1895. De posuír datos sobre a capital lisboeta, probablemente, non se afastarían dos da cidade do Porto. De feito, esta cidade vive entre os anos 1878 e 1890 unha fase de intenso crecemento demográfico e van ser os cidadáns españois o colectivo máis numeroso dos traballadores extranxeiros (69,4% en 1890), sendo os galegos a inmensa maioría deste colectivo.

Intentar cuantificar a emigración galega a Portugal é unha tarefa difícil, por non dicir imposible, mesmo a día de hoxe.

A burocracia e unha emigración imposible de regular

As tendencias de modernización das administracións públicas van parellas nos dous países peninsulares. E é así como xurden do lado portugués diferentes

actuacións administrativas para regular os movementos migratorios dentro das fronteiras do seu país. Unha orde administrativa de 1839 recoñecía a existencia de moitos galegos que fuxen do servizo militar ao suliñar “*um grande número de Hespanhoes que se hao acoutado em Portugal, para se substraírem ao sorteamento no seu País*”. Ese mesmo ano regúlase a concesión de pasaportes a estranxeiros e poucos anos despois, en 1841, obrígase ao rexistro de billetes de residencia en libro propio e determínase unha forma de censamento de estranxeiros que, hai que dicilo, foi pouco eficaz. Porén, o empeño burocrático fai que no ano 1863 se tomen novas medidas para o rexistro das entradas dos estranxeiros, acadando esta normativa algo máis de eficacia. As crónicas da época reflicten a acción policial contra os indocumentados, e circulan listas emitidas polo goberno español dos desertores.

As Administracións comezan a manexar cifras e fan uso delas. A *Comissao Parlamentar de Inquérito á Emigração Portuguesa*, en 1873, convoca ao Cónsul de España en Lisboa, para coñecer directamente algúns aspectos que teñen aos seus connacionais como protagonistas deste inquérito.

O representante diplomático de España en Lisboa pouco pudo esclarecer sobre a cantidade e as condicións en que se atopan os cidadáns españois radicados no país veciño, debido á falta dun rexistro civil, antes de 1870, do que se deriva a falta dun rexistro consular, que só gaña maior expresión a partir desa data co desenvolvemento dunha Convención consular entre os dous países, na procura da extradición de criminais e do control dos desertores ao servizo militar.

A convicción dos representantes españois, que responden a este *Inquérito Parlamentar* de 1873, era que a emigración cara ao Portugal estaba en curva descendente, fronte ao fenómeno da emigración cara os países americanos, malia que os números de rexistro revelaran un crecemento, por efecto directo da melloría do rexistro. É dicir, que se houbera un rexistro fidedigno, este revelaría que a maioría dos galegos que penetraban en Portugal eran agora pasaxeiros en tránsito “*seducidos por agentes de contratación colonial de América do Sul, os quais com as súas promesas enganosas estavam a sangrar a Península*”.

O que estaba en cuestión no *inquérito parlamentar* era verificar se a emigración española podía compensar a saída de portugueses para o Brasil, que aumentaba progresivamente e asustaba ao poder político lusitano. Para o diplomático español en Lisboa a resposta era negativa, debido a que a emigración portuguesa tendía a aumentar, mentres descía a galega. Mais, sobre todo, por outra razón: “*la inmensa mayoría de los emigrantes no se naturaliza, no se fija, no se casa, no se arraiga aquí: trabaja, economiza, regresa y se establece en su país natal*”. Este mesmo diplomático propuña un acordo entre os dous países para acabar coa “*trata de blancos*”, afirmando: “*que haya emigración de uno a otro lado de la frontera poco importa; que la haya a ultramar es terrible para dos naciones que tanto necesitan de brazos y que tan mal repartida tienen la población*”.

O certo é que a comisión parlamentaria concluiu que a emigración española sí que compensaba á portuguesa. Consideraba que Galiza, polas razóns que ligaban

á poboación ao solo, nomeadamente a división da propiedade, funcionaba como un *reservatório* que terminaba por suplir o déficit provocado pola emigración. A evolución da emigración portuguesa, cunha tendencia claramente ascendente ata a I Guerra Mundial, acabaría mostrando que a comisión estaba equivocada nas súas conclusións.

Outra voz autorizada, o cónsul español no Porto asegura, xa no ano 1873, que os emigrantes galegos representan o 97% dos españois en Portugal, sendo orixinais, na súa práctica totalidade, das zonas rurais de Galiza. No seu informe consular asegura que “*o exceso de poboación, unido á extrema división da propiedade rural, eran os principais factores da emigración*”. Unha constante da nosa historia emigrante.

Consultado o Profesor Jorge Alves, da Universidade de Porto, aportou fontes documentais recuperadas dos traballos consulares con obxectivos de avaliación estatística, onde o cónsul español do Porto presentou un cadro por clases de emigrantes e por tipo de emigración para o período 1862-1871.

CADRO 1				
ANOS	Establecidos definitivamente	Residentes por períodos mais ou menos curtos	Residentes durante curtos períodos	TOTAIS
1862	3730	11186	5450	20366
1863	3901	11172	5478	20551
1864	4003	11490	5110	20603
1865	4143	11854	5395	21392
1866	4286	12106	5710	22102
1867	4315	12541	5780	22636
1868	4345	12566	6230	23144
1869	4417	12808	6156	23381
1870	4425	13402	6190	24017
1871	4540	13157	6660	24357

Na súa investigación documental, o Profesor Alves, sinala que o propio cónsul advirte que estas cifras deben tomarse con precaución e seren consideradas “*próximas á verdade*”, especialmente as referidas ás estadías de curta duración, polo feito de non se ter feito rexistros regulares, xa que os emigrantes entraban clandestinamente ou lles era dado un salvoconduto por grupo. En calquera caso, os números, comparados con estimativas anteriores, presentan xa un declive visible, situando aos galegos en torno aos vinte mil individuos. A finais do século XIX, o Novo Mundo convetírase nunha atracción demasiado forte para todo tipo de europeos e, naturalmente, tamén para os galegos, desviándoos paulatinamente dos seus destinos tradicionais.

A emigración galega ao Portugal foi esvaecendo, aínda que resistía o destino transoceánico, revelando características das migracións tradicionais, que pasan por manter activas as súas redes de influencia, mesmo cando aparecen novas e aparentemente mellores oportunidades migratorias.

A emigración galega ao Portugal durante o século XX

Así pois, o groso da emigración galega ao Portugal foi substituído progresivamente pola emigración a América. Pero o certo é que continuou de xeito residual até o presente e conviviu cunha emigración portuguesa cara a Galiza até practicamente os nosos días.

Por unha banda, a emigración como tal, por motivos económicos, foi esmorecendo até a Guerra Civil. O censo de poboación portugués de 1900 contabilizou 29.027 españois, dos que unha gran maioría eran galegos, cifra que se reduciu ata os 13.092 en 1930, nun declive numérico progresivo que chega até a actualidade. Á emigración a América hai que engadir, como factores desta desaceleración do fluxo migratorio, o desenvolvemento industrial experimentado en España na década dos vinte, que levou aos emigrantes cara outros rumbos e as cidades portuguesas deixaron de resultar tan atractivas, sumado a isto a inestabilidade política e económica do país veciño entre os anos 1910 e 1926.

Pero o certo é que a comunidade galega era, entón, unha das maiores exportadoras de capital humano de España e o colectivo rexional máis importante asentado no Portugal.

Entre os anos 1911 e 1970 abandonaron a súa terra natal 1.900.000 galegos, case todos rumbo a América, persuadidos pola propaganda da prensa galega da época, na que os principais inversores publicitarios eran os consignatarios de buques e armadores, que estimulaban a emigración a aquel continente.

Coa instauración da II República en España, entre abril de 1931 e 1934, incrementouse notablemente o fluxo migratorio cara o Portugal dos españois contrarios á instauración do novo réxime. En 1932, establecéronse en Portugal ao redor de 2.000 españois que rexeitaban o novo sistema político e que viron frustrados os seus desexos de cambio de réxime co fracaso do golpe militar do xeneral Sanjurjo, en agosto daquel ano.

Segundo Manuel Burgos Madroño, en xullo de 1936, a colonia española rondaba as 15.000 persoas, 60% das cales eran de orixe galega. César Oliveira eleva a porcentaxe de galegos até o 90%, unha preponderancia que demostraría o signo galeguista das dúas únicas asociacións rexionais dentro da colonia, a Asociación Galaica de Socorros Mutuos e a Juventude da Galiza. Máis da metade, 9.500, residían en Lisboa, 1.500 no Porto e varios miles máis espallábanse

polas outras cidades e aldeas portuguesas. A maioría dos membros da colonia eran obreiros e pequenos industriais que traballaban como camareiros ou donos de hoteis, restaurantes, cafés, tabernas e pensións, ou que se gañaban a vida como carboeiros ou afiadores ambulantes. Outro grupo estaba integrado por comerciantes que se adicaban a variados negocios: axentes de seguros, tendas de paqueterías, tecidos, etc⁴.

Logo, co inicio da Guerra Civil e trala súa finalización, Portugal vai ser un lugar de refuxio momentáneo dos republicanos perseguidos polo franquismo no seu camiño cara o exilio americano. O paso e permanencia no país veciño era clandestino, na maioría dos casos os refuxiados agochábanse nas casas de portugueses solidarios coa causa republicana, mentres agardaban a que se lles buscara un medio de transporte cara ao exilio americano.

No norte de Portugal, a zona de Barroso-Montalegre e de Vinhais, comarcas *raiotas* coa fronteira ourensá, convertíuse nunha área de refuxio dos perseguidos, guerrilleros e exilados.

A emigración cara a Europa

A finalización da Segunda Guerra Mundial trae aparelado un forte investimento na reconstrución europea que xenera ao mesmo tempo unha forte industrialización e desenvolvemento económico destes países. Este proceso require inxentes recursos humanos para implementar estes cambios e novamente os galegos, coma os portugueses, o resto dos traballadores españois, e os italianos, principalmente, trocarán o destino americano polo do seu propio continente.

Iníciase unha nova etapa entre 1950 e 1980 na que tanto galegos coma portugueses van compartir destinos (Francia, Suíza, Alemaña, Holanda...) e tipo de traballos (fábricas, construción, etc., e servizo doméstico no caso das mulleres). Francia vai a ser o principal destino, pero dende 1960 a emigración a Suíza e Alemaña foi tamén moi numerosa. Nesta época emigraron a Francia 650.000 españois. Xunto aos portugueses atopamos andaluces, murcianos e casteláns. Hai que supoñer que os galegos se viron arrastrados coa auténtica onda humana que sae das terras limítrofes miñotas e tramontanas. Se en 1975 había en Francia en torno ao medio millón de emigrantes, a emigración portuguesa xa superaba a cifra de 750.000. A emigración española dos anos 60 foi moi pouco duradeira para ter sido tan potente. O descenso iníciase en 1967, e coa recuperación económica española xa non se refai.

⁴ Refírese a colonia de españois no seu conxunto, pero hai que ter en conta que a maioría eran galegos. Hai profesións, como a de afiadores, que podemos afirmar que era exercida exclusivamente por galegos.

A emigración portuguesa cara a España

Manuel Severim de Faria acredita que esta emigración existía xa no século XVII, pola insuficiencia da economía portuguesa para alimentar á súa poboación. A emigración de portugueses a Europa, que tivo escasa importancia ata a intervención portuguesa na Gran Guerra, adquire gran importancia no último tercio do século XX, substituindo á tradicional emigración ao Brasil e afectando a todas as rexións de Portugal, pero sobre todo ao norte minifundista e densamente poboado. Predomina a man de obra xoven masculina e non cualificada (campesiños sen instrución), principalmente na emigración a Francia, ocupada sobre todo na construción e no servizo doméstico.

A partir de 1974, o producirse o peche da emigración a outros países, España xogou un modesto papel de reduto para certa man de obra portuguesa non cualificada, principalmente dos distritos fronteirizos de Bragança e Vila Real.

Galicia-Portugal un novo e actual mercado de traballo

Nos últimos quince anos, estase a dar un tipo de emigración de galegos cara o Portugal, moi específica e selectiva. Referímonos á emigración de traballadores do ámbito sanitario, médicos e enfermeiras, que van na procura das vantaxes económicas que lles ofrece a sanidade pública portuguesa nas rexións do norte. Nesta zona existe unha gran demanda deste tipo de profesións, fronte a situación en Galicia, na que a demanda está saturada. O perfil é o de traballadores novos, normalmente recién saídos da universidade, que van uns poucos anos ao norte de Portugal, para logo retornar. Fronte a esta, detéctase nos últimos anos unha emigración temporal de portugueses á Galicia no campo da construción, conseguindo emprego directamente en empresas galegas, ou ben a través das subcontratas que se fan a empresas portuguesas.

Chegados a este punto, neste percorrido a través da longa relación de irmandade galego-portuguesa, resulta moi oportuno recordar as palabras de Emilia Pardo Bazán, pronunciadas en 1901: *“Portugal é para min como a América latina. Algo teño que recoñecer política e xeográficamente, por estranxeiro, pero que moralmente, afectivamente, sobre todo, continúa formando parte da miña patria”*.

CAPÍTULO 4

Características da emigración galega a Lisboa



A primeira característica que debemos salientar é que se trata dunha emigración *de conservación*, na que o emigrante segue mantendo estreitos vínculos co lugar de orixe, xenera expectativas de futuro mediante a solidariedade familiar e comunitaria, de retornos periódicos, da endogamia matrimonial, etc. Non se trata dunha emigración *de ruptura* na que o emigrante traslada os seus proxectos de vida e perspectivas de futuro ao lugar de destino.

Podemos sinalar algunhas características desta emigración: a práctica totalidade da poboación española en Portugal era galega; a presenza feminina neste continxente migratorio é inapreciable; trátase dunha emigración que se inicia a curta idade e conclúe cando a falta de vigor físico obriga ao reposo permanente no lugar de orixe; o tramo de idade máis frecuente se sitúa entre os 15 e os 34 anos; cunha elevada proporción de solteiros (máis do 60%).

A través do análise das honras de ausentes dos registros parroquiais galegos, obsérvase o predominio dunha poboación moza e vigorosa, a única capaz de encontrar acomodo e sobrevivir nunha urbe dinámica e en expansión, que necesita da forza dos seus brazos para non estancarse. Unha poboación que acude con curta idade a integrarse no seu florecente mercado laboral e que comparte esta característica cos naturais do país que se integran no mesmo proceso.

Os nenos emigrantes

Aínda a mediados do pasado século era habitual enviar por primeira vez a Lisboa aos nenos con 12-13 anos para que se acostumasen pronto a traballar duro e empezasen a gañar o seu propio sustento, aliviando así a presión sobre as magras reservas alimenticias da familia. Trátase de nenos ou adolescentes, que chegaron á Corte en compañía dun adulto, quen non poucas veces eran abandonados á súa sorte unha vez instalados na gran cidade. Situación dramática a destes rapaces, arrincados con crudeza dunha nenez pouco cómoda, pero segura, para ser arroxados á crueldade dunha urbe deshumanizada.

Unha situación dramática a destes nenos, para os que o único destino era converterse –no mellor dos casos– nesas “*máquinas de suor*”, como califica A. Sequeira aos gallegos lisboetas, loitando día a día pola mera subsistencia e sen máis esperan-

za nin futuro que terminar o día indemne e con algún alimento no estómago. É o caso de Antonio Fernández, que preguntado acerca da súa natureza, só alcanzou a responder que procedía da parroquia de San Antonio, “*e não sabe dizer mais, so dí he do bispado de Ourençe*”; ou de Esteban Seoane, que da súa fregresía só sabe que está no Reino de Galiza; Pedro González, de San Vicente de Soutelo (Salceda de Caselas), que xa non recorda o nome dos seus pais, ou o de Juan Míguez, de Santa María de Reboreda (Redondela), que esqueceu o nome da súa nai.

Unha emigración netamente masculina

Dos datos do rexistro do Hospital Real referido ao momento anterior ao Terremoto de Lisboa extráese que a maior parte do colectivo, (un 78%), declárase solteiro; homes sen dúbida na flor da vida e capaces de soportar a dura tarefa desempeñada no día a día lisboeta. Igual condición correspondía con toda probabilidade ao 20% dos casados, sobre os hombros dos que recae a obrigaçión de procurar o complemento indispensable para a economía familiar, garantindo así a súa supervivencia.

A cidade é unha devoradora de homes, por iso os máis vellos deixan de vir á terra e perecen; só un escaso 1% se declara viúvo, o cal por sí só non demostra velez, pero sí é certo que algúns dos que sinalan este estado indican a mendicidade como medio de subsistencia, aínda que esta non sexa en absoluto monopolio deles.

Portugal tivo unha dinámica propia que regulou a mobilidade interna da poboación e que en certo modo se complementaba coa dos galegos. Os labregos miñotos e trasmontanos formaban os seus grupos para traballar nas colleitas dos campos de cereais e das olivas das terras do Sur, onde as posibilidades de obter un bo salario eran máis favorables que na súa rexión de orixe. Ao mesmo tempo, os canteiros do norte de Portugal desprazábanse ás terras do interior do seu país ou aos ámbitos urbanos. Os lugares que non eran preenchidos polos nosos traballadores eran ocupados por portugueses.

A crise económica que afectou a Portugal a finais do século XVIII provocou un deterioro do salario real en Lisboa, mais os galegos seguiron emigrando a ese destino porque as súas formas de facer cartos discorrían por vías que non deixaban de ser lucrativas, sobre todo atendendo á súa extraordinaria sobriedade e dilixencia, cualidades que destacan todas as fontes, mesmo as que lles dirixen as críticas máis corrosivas. Por iso, as súas Indias seguiron estando en Portugal, mentres os portugueses cruzaban o Atlántico na procura dunha fortuna na maior parte dos casos frustrada. Isto explica que co paso do tempo non se altere demasiado o seu cadro socio-profesional, salvo o xurdimento dos beneficiados pola fortuna, os ricos *lisboanos*, antecedentes no tempo dos *americanos* ou *brasileiros*. Os ricos *lisboanos* traballan duramente na capital, ao mesmo tempo que invirten en fábricas de cadeiras que conseguen levantar nas súas parroquias de orixe, unha ampliación do seu patrimonio familiar que durante a súa ausencia será administrado pola esposa e os seus fillos.

Estamos ante un modelo migratorio que corresponde ás chamadas *migracións circulares e pendulares*, que traen de volta aos seus fogares aos desprazados, de forma cíclica, despois dun intervalo de tempo máis ou menos longo, impedindo así que se rompan os lazos de unión coa súa comunidade de orixe. Ao contrario do que sucederá coa emigración americana. En calquera caso, un contacto tan prolongado no tempo favoreceu tamén o asentamento de moitos desprazados no lugar de acollida de forma definitiva.

Por outro lado, a perigosidade das actividades laborais ás que se adicaron moitos deles convertirá en definitiva unha proporción nada despreziable das súas ausencias, ao que se debe sumar, tamén, a repercusión das catástrofes demográficas que afectaron aos seus novos lugares de residencia, o terremoto de Lisboa ou as epidemias de cólera e febre amarela que sofren esta cidade e a do Porto.

O traballo sempre duro

Os naturais da Galiza interior adícanse preferentemente á realización de diversas tarefas de carácter agrícola. Esta actividade tampouco é allea aos emigrantes das parroquias dos vales da vertente atlántica, que tamén aproveitan as posibilidades que lles ofrecen as comarcas vitivinícolas do Douro. A finais do século XIX⁵, aínda unha cuarta parte dos emigrantes españois en territorio luso (o 97% eran galegos) adicábanse a labores agrícolas, algo máis do 89% destes na rexión do Douro, en labores de cava, poda e vendima. Estes conviven cos veciños das comarcas montañosas do sector occidental galego, que se adican preferentemente á construción de vivendas, adegas e lagares, así como a dos muros de contención das terrazas escalonadas do Douro.

Por outra banda, o medio urbano presenta características comúns en canto á actividade laboral desempeñada polos galegos. Os sectores primario e secundario contan con escasa participación galega, sendo o sector servizos o que acapara a maior parte da man de obra galega.

Podemos observar unha continuidade na ocupación laboral dos galegos no medio urbano. Da análise que nos ofrece o profesor Domingo González Lopo, referido ao momento anterior ao Terremoto de Lisboa, pódese deducir que o mercado laboral de Lisboa estaba aberto para calquera que estivese disposto a traballar sen miramentos no que houberse lugar. Unha división básica do colectivo galego en función das súas actividades económicas, ofrece xa de entrada unha boa radiografía das súas características. O sector primario aparece escasamente representado (0,3%). O sector secundario ten unha representación modesta (o 11,7%). Unha proporción importante deles aparece ligada ao sector da construción nalgunha das moitas obras, públicas ou privadas, que febrilmente se levantaban en Lisboa ou no seu entorno durante os anos cuarenta do século XVIII, e que pronto, agás en contadas excepcións, se verían reducidas polo Terremoto a escombros e cinza.

⁵ Informes consulares de 1873 analizados polo profesor J. Alves

Entre as obras públicas podemos mencionar, entre outros, o Pazo-Convento de Mafra, o Pazo das Necesidades, A Capela Real, o Acueducto das Aguas Livres, os Pazos do Conde de Souré e o do Conde de Tarouca, a Igrexa de San Esteban de Alfama, o Cais de Pedra, reformas no Pazo da Ribeira e varias residencias particulares no chamado Campo de Santa Clara, entre outros. Nestas obras, aínda que non participan como especialistas –só un deles denomínase oficial de canteiro–, son innumerables os galegos que aportan o seu traballo.

A parte dos mencionados só o sector da panificación, cun 16% de empregados, destaca algo dentro do conxunto. Son poucos os artesáns que desempeñan un oficio en Lisboa e menos os que aparecen como asalariados en actividades manufactureiras, ocupación que declaran dous individuos, un nunha fábrica de ladrillos e outro nunha fundición de campanas. Non falla xa en data tan temperá un chatareiro, unha das ocupacións características desta poboación flotante xa na Lisboa do século XIX.

Os galegos “*inventores*” de servizos

Durante o século XVIII é o sector dos servizos o que ocupa á inmensa maioría dos galegos residentes na capital portuguesa (85,3%), característica compartida polos nosos emigrantes afincados noutras urbes do espazo Peninsular.

Máis dun século despois, o Informe do Consulado español en Lisboa de 1873, ao que nos temos referido anteriormente, revela a existencia dunha porcentaxe de emigrantes superior ao 67% adicada ao sector terciario, onde destaca unha variada tipoloxía de criados (28%) e de individuos adicados ao transporte (32%).

Pódese decir que, en función das habilidades que tiñan os nosos emigrantes, ían ter metas e ocupacións distintas. Os especialistas en traballos de canteiría dirixíanse ás comarcas situadas ao norte do Douro, onde se estaba a desenvolver unha importante actividade construtora pola necesidade de acomodar as terras para a plantación das viñas, mediante a construción dos socalcos e doutar ao territorio das infraestruturas necesarias para a elaboración do viño e o aloxamento dos xornaleiros. Por outra banda, o territorio do norte portugués, igual que a Galiza atlántica, experimentaron o efecto benéfico da implantación do cultivo do millo, aumentando, polo tanto, as rendas eclesiásticas e hidalgas; o que favoreceu o auxe da construción: capelas, igrexas, catedrais, hospitais, quintas, etc., edifícanse ou experimentan importantes reformas. Durante moitos anos as levas de canteiros galegos serían ben recibidos e non lles faltaría tarefa na que ocuparse.

Para os emigrantes non especializados, isto é, persoas adicadas estrictamente ás tarefas rurais, son tres os destinos que teñen en terras lusas: un deles é as comarcas do Douro, onde a cava e a vendima supúñan a oportunidade de obter un

bo xornal. Os textos portugueses de finais do século XVIII ilustran a clara dependencia que tiña este sector dos traballadores temporais galegos.

As faenas agrícolas do Noroeste portugués contarán tamén coa indispensable colaboración dos brazos galegos, como nos indican os arquivos parroquiais e a solicitude estacional de pasaportes en Vila do Conde.

Pero a maior parte deste colectivo terá como punto de destino final os núcleos urbanos, en especial Lisboa e as cidades do seu entorno (Setúbal e Cascais) e en segundo lugar Porto. A súa chegada a estes lugares debeu de ser paulatina. Os indicios parecen apuntar a que primeiro foran atraídos polas labores agrícolas do Norte, onde probablemente tomaran coñecemento doutras oportunidades que o país veciño lles ofrecía.

O que queda claro é que a actividade laboral dos galegos foi moi diversa, pero por regra xeral eran traballos moi duros, sendo común e por tempos moi alongados na historia o traballo relacionado co transporte de todo tipo de mercaderías. Lembrando o informe de Campomanes, ante a Comisión Parlamentaria portuguesa, él nos di que se adicaban ao oficio de “*esportilleros a quienes llaman mario-las*”, e o viaxante inglés Murphy afirma que tódolos traballos pesados en Lisboa eran feitos polos galegos. Dende moi cedo o oficio de aguadeiro foi monopolizado por eles, dando orixe a unha figura típica e tópica do mundo lisboeta, á que se fai referencia con frecuencia nas escenas de costumes da literatura de cordel do século XVIII ou do realismo do século XIX. Deste xeito, fixouse o estereotipo dun individuo rústico, ignorante, bruto, cunha forma de falar que provoca risa, avarento e disposto a todo para gañar un *pinto*.

Se observamos a seguinte táboa da distribución por clases de tipo profesional referida aos españois –na súa maioría galegos– con base nas informacións de 1873 do cónsul español en Porto, pódese afirmar que non se pode reducir aos galegos ao grupo de traballadores rurais, rudos e analfabetos. Os galegos que emigran ás cidades distribúense por ocupacións diversas, algunhas de prestixio na sociedade de entón, e revelan algunha capacidade letrada. Segundo o censo de 1890, o 51% dos españois sabían ler e escribir, porcentaxe que aumenta nas cidades do Porto (56%) e Lisboa (65%).

CADRO 1					
Clases		Establecidos definitivamente	Residentes por períodos mais ou menos curtos	Residentes durante curtos períodos	TOTAIS
1 ^a	Propietarios	20			20
2 ^a	Kavradires	36			36
3 ^o	Professores científicos e de artes liberais	166	26		192
4 ^a	Negociantes, comerciantes e armazenistas	246			246
5 ^a	Cambistas, agentes, corretores e empregados de escritorio	186	58		244
6 ^a	Donos e sócios de fábricas e estabelecimentos industriais	164	96		260
7 ^a	Mestres e oficiais de artes mecánicas	266	358		624
8 ^a	Tendeiros, vendedores de artigos de comer e beber, e de casas de dormir	624	640		1264
9 ^a	Donos de hotel, hspedesarias, restaurantes, cafés, bilhares	84	82		166
10 ^a	Vendedores ambulantes de quinquilharias, panos, etc	94	210	190	494
11 ^a	Moços de padarias e refinações de açúcar		580		580
12 ^a	Moços e guardas de armazéns de comércio e vinhos	760	1250	1400	3410
13 ^a	Criados domésticos, cozinheiros lacaios	480	3400	670	4550
14 ^a	Aguadeiros	168	592		760
15 ^a	Trabalhadores em talhos e matadouros	96	225		321
16 ^a	Ocupados em transportes, descargas de navios e outros trabalhos braçais	530	2500	2200	5230
17 ^a	Moços e criados de lavoura por temporadas nas provincias limitrofes com Espanha		640		640
18 ^a	Trabalhadores permanentes ou residentes no Douro e outras provincias na poda e cava das vinhas	620	2500		3120
19 ^a	Trabalhadores que vêm ás mesmas provincias durante a cava e vindimas			2200	2200
TOTAIS		4540	13157	6660	24357

CAPÍTULO 5

A emigración dende o interior de Pontevedra entre 1800 e 1950



Os movementos migratorios do interior da provincia de Pontevedra e os seus cambios de destino durante o século XIX e a primeira metade do XX caracterízanse polo paso paulatino dunha emigración intrapeninsular a outra con destino a América, preferentemente cara o Brasil.

Se nos centramos nunha área xeográfica, como é o Sudeste da provincia de Pontevedra (Ponte Caldelas, Fornelos de Montes, A Lama e Cotobade), comprobamos que malia presentar fortes contrastes xeográficos, tamén comparten, no século XVIII, algúns elementos comúns: posuír unha alta densidade poboacional, superior á media da Galiza, características que se mantéñen no século seguinte.

Pois ben, nestas zonas cunha topografía moi irregular, carentes dun espazo agrícola amplo e fecundo, os seus habitantes víronse obrigados para poder subsistir, a suplir esas carencias cunha importante actividade pecuaria e por medio da especialización dos homes en actividades profesionais complementarias, como a canteiría, coa que logran unha xusta fama, a arrieiría e a carpinteiría. As zonas cunha terra máis ampla e fértil teñen unha proporción moito maior de labregos⁶. Isto tamén ten o seu reflexo na ocupación profesional unha vez na emigración en Portugal. Estas diferenzas marcarán logo dun modo sensible a orientación dos movementos migratorios das distintas comunidades. Trátase ademais dun territorio densamente poboado que ten no éxodo dos seus habitantes un dos seus mecanismos de regulación demográfica.

O destino destes emigrantes

A primeira metade do século XIX presenta un cadro similar ao que fora tradicional durante a maior parte do século anterior, caracterizado polos desprazamentos temporais –estacionais ou plurianuais– a diversos puntos do interior peninsular.

⁶ O Catastro de Ensenada ofrece unha boa radiografía deste reparto socio-profesional de mediados do século XVIII.

Nos concellos de Ponte Caldelas, Fornelos de Montes e A Lama predomina claramente a emigración a Portugal, que vai adquirir aínda máis importancia como consecuencia da emancipación dos territorios americanos que fai menos atractivas as cidades andaluzas que baseaban a súa prosperidade principalmente na importación de produtos coloniais e na exportación de artigos europeos ao Novo Mundo. Malia isto, a desaparición dos movementos laborais ao sur, nunca será completa, porque as tarefas agrícolas e o servizo doméstico urbano seguiron a ser un foco permanente de atracción, como acontecía con outros puntos da xeografía peninsular.

Hai que facer unha distinción entre as parroquias situadas ao norte desta pequena rexión que nos ocupa, situadas nas estribacións montañosas e as que se sitúan nos vales do Sur. Os naturais das primeiras, entre os que predominan, como xa dixeramos, canteiros, carpinteiros e arrieiros, desprázanse preferentemente ao interior do Norte luso, á provincia de Ourense e ás rexións aledañas de León, Zamora e Salamanca, chegando mesmo ao Norte de Extremadura. Os segundos, marchan de xeito maioritario ás grandes cidades portuguesas, sobre todo Lisboa, e Porto, aínda que tamén neste caso hai unha evidente especialización migratoria, pois se en Fornelos de Montes e Ponte Caldelas predominan abrumadoramente os *Lisboanos*, no Concello da Lama marchan preferentemente cara o Porto.

Malia o estreito contacto que mantivo boa parte da poboación masculina desta zona con cidades portuarias atlánticas, o mundo americano non semella terlles tentado en demasía. Hai mencións de falecidos no Novo Mundo entre finais do XVIII e o período anterior á Independencia das colonias, que debemos ligar ao aumento da presenza galega na América, resultado tanto das leis de libre comercio españolas como da política pombalina para o desenvolvemento do Brasil. Pero nesta zona, os contactos deberon ter un carácter esporádico, froito de opcións individuais, e en certa medida causados pola actividade laboral dunha poboación masculina residente en cidades marítimas, que atopan nos navíos un modo lucrativo de gañaren a vida, como mariñeiros ou, os máis afortunados, como propietarios. Así, por exemplo, podemos sinalar o caso de José Rodríguez de Santa Mariña de Augasantas, natural de Cotobade, que marchou de neno cara o Portugal e acabou sendo propietario dun barco co que facía travesías entre Lisboa, Montevideo e outros portos. Finalmente o seu barco naufragou e non se tiveron máis noticias súas. Os seus familiares celebraron as súas exequias en xaneiro de 1867.

Repercusións negativas pola crise dos viñedos do Douro

Entre os anos de 1851 e 1870 non houbo alteracións de importancia no cadro migratorio dentro destas comarcas, mais un análise pormenorizado revela algúns cambios. Por exemplo, na Lama e Cotobade apréciase unha baixa de saídas cara a Portugal e un aumento das que teñen lugar ao interior de Galicia e a outras

rexións de España. O motivo hai que buscalo na crise que afecta á rexión portuguesa do Douro como consecuencia do impacto –xa mencionado noutros capítulos– do *oidium* e a filoxera, que repercutiron directamente na economía da comarca portuguesa que por unha banda proporcionaba emigrantes e por outra xeraba riqueza e atraía emigrantes ás súas propias terras para os traballos varios. A Lama e Cotobade, froito desta situación, viron arruinadas as súas economías comarcais entre o ano 1852 e 1880. Esta situación obrigou aos veciños que tradicionalmente emigraban cara esta comarca a buscar alternativas, novas áreas de acomodo e por iso se inclinan agora en maior medida cara o interior de Galicia, ou ben cara aquelas outras zonas de España que con anterioridade visitaban de forma máis esporádica. Esta circunstancia apréciase sobre todo no caso de Cotobade.

En Ponte Caldelas, Fornelos de Montes e nas parroquias do sur da Lama, con maioría de emigrantes urbanos, apenas hai cambios, agás un pequeno aumento na súa proporción, xa que os campesiños desta zona que antes ían traballar ás viñas portuguesas, insértanse agora na corrente que maioritariamente seguirán os seus veciños afectados pola crise anteriormente salientada.

A emigración a ultramar

Nos anos cincuenta do século XIX, apréciase por primeira vez un aumento significativo das saídas con destino a América, circunstancia que se vai ver favorecida pola combinación de medidas lexislativas –a Real Ordenanza do 16 de setembro de 1853, que liberaliza a emigración ultramarina– e a crise de subsistencias que sacude a Galiza dende 1852, e que tivo gran incidencia nestas comarcas.

Estudos estatísticos da época indican un aumento de saídas de españois dende a cidade do Porto cara o Brasil: 319 entre os anos de 1840 e 1851; 1.095 entre os anos 1852 e 1859 reflicte esta nova situación. Son os anos do comercio de “carne galega”, no que tan importante papel xogaron os “ganchos” e reclutadores de man de obra, que percorreron incansablemente todas e cada unha das famentas aldeas de Galicia. Estes movementos migratorios van experimentar un xiro espectacular durante as tres últimas décadas do século XIX, momento no que as viaxes a América acadan progresiva importancia.

A través das anotacións nas partidas de nacemento pódese observar un cambio importante deste fenómeno migratorio. Mentres as citas que se anotaban nas partidas –anteriores a 1870– eran sempre de carácter individual, a partir destas datas son moitas as referencias a que a persoa indicada marchara “con máis compañeiros”, “con máis feligreses” ou con “máis mozos do lugar”. As partidas de bautismo están a amosar a importancia das cadeas migratorias á hora de xustificar a elección dos destinos. Os destinos non presentan novidades respecto aos anos anteriores, agás o forte aumento dos ausentes en Brasil.

Brasil é o destino migratorio dos emigrantes destas parroquias

Será a partir dos anos setenta do século XIX cando a poboación masculina desta zona se deixe atraer polo soño americano, seguramente influenciado polo exemplo portugués: Unha emigración que de xeito maioritario se encamiñará ao Brasil, destacando as áreas de caucho norteñas de Pará e Manaos, o centro comercial de Bahía e o sur cafetaleiro de Sao Paulo e Río de Xaneiro, ficando a América española nun lugar de atracción secundaria e en declive. Hai que exceptuar o caso de Cotobade, que tivo un contacto menos intenso co mundo portugués.

Así pois, esta rexión presenta a peculiaridade de que mentres en Galiza, de forma maioritaria, o éxodo se orienta cara a Arxentina ou Cuba, estes veciños preferirán o Brasil. Non resulta unha opción extraña despois dunha convivencia tan prolongada co mundo portugués. É, polo tanto, e dende a óptica portuguesa, como hai que entender este fenómeno migratorio e é, probablemente, o exemplo do que está a suceder en Portugal o que estimula a marcha ao outro lado do Atlántico.

É a crise económica e institucional que se produce no país luso cara o final e comezo do novo século XX e que tamén coincide cunha inportante crise en Galiza, a que vai empurrar a moitos galegos a percorrer o mesmo camiño que están a seguir os seus amigos e coñecidos de Portugal. Neste caso, tamén, xenérase a cadea migratoria.

Outra novidade importante é que, ao contrario do rumbo tomado pola maioría dos españois que entran en Brasil –fundamentalmente ao Estado de Sao Paulo– os naturais destes municipios vanse decantar preferentemente dende os anos noventa pola cidade de San Salvador de Bahía, de xeito que se máis do 90% dos españois presentes nela entre finais do XIX e principios do XX eran galegos da provincia de Pontevedra, o 70% destes pertencían a estes concellos.

A maior parte destes galegos adicáronse a actividades comerciais e industriais, sexa coma empregados ou coma propietarios, en casas de empréstimo, cafés, ferreterías, padarías e almacéns de *secos e molhados*. Actividades semellantes ás que desenvolveron noutras cidades do Brasil, pois era unha emigración xa eminentemente urbana, resultando fallidos os intentos de converter aos naturais do Noroeste peninsular en man de obra rural. Nisto, os galegos, tamén, asemelláronse aos veciños portugueses.

Brasil convertiuse no terceiro país en importancia polo volume da inmigración española, aínda que a moita distancia de Cuba e Arxentina, froito dunha política de fomento e subsidio á inmigración de traballadores europeos.

Conforme entramos no século XX confírmase o cada vez maior arraigo que vai tomando esta emigración transoceánica que ten como meta Brasil.

Para concluír, e importante salientar que a emigración incidiu moi negativamente sobre a evolución demográfica destes concellos, que chegan ao ano 1900 con menos poboación da que tiñan en 1860.

Algunhas particularidades destas comarcas

Estas comarcas conforman unha zona de arraigada emigración de carácter temporal que durante moito tempo estivo focada sobre todo ao territorio portugués. Só tardiamente México convértese nun destino preferencial para una pequena área conformada por un par de parroquias limítrofes cos concellos ourensanos de Avión e Beariz, nos que a emigración mexicana acadará grande importancia ao longo do século XX.

As consecuencias nas economías familiares

No plano na economía familiar a ausencia dun ou de varios dos seus integrantes aumentaba considerablemente as posibilidades de supervivencia do resto da familia. Esta elemental ecuación melloraba cuantitativamente a dieta alimenticia e repercutía, logo, no sustento económico da familia. Esta situación é a que explica, tamén, a curta idade con que algúns individuos se incorporaban obrigadamente aos desprazamentos migratorios temporais, o que se coñecía como “*apartar aos nenos da mesa*”.

Por outra banda, os xornais gañados no exterior permitían obter un ben escaso nestas economías campesiñas e de subsistencia, que era ter cartos en metálico, co cal a súa economía víase fortalecida e permitía a adquisición de bens raíces ou animais, que nuns casos permitían ampliar a explotación labrega ou por as bases materiais para un futuro matrimonio. O diñeiro permitía, tamén, ser empregado no pago de impostos e débedas.

As consecuencias demográficas

A emigración, ao longo do tempo, lonxe de equilibrar o exceso demográfico galego o acentúa negativamente. A falta de homes ocasiona o afianzamento do modelo de matrimonio tardío, a redución dos índices de nupcialidade, a extensión do celibato definitivo (principalmente entre as mulleres), a implantación dunha baixa fecundidade, elevando a porcentaxe de solteiras e mulleres solitarias, que fai que a poboación se torne vella e provoca unha diminución do tamaño medio da familia.

As consecuencias «antropolóxicas»

Mais as consecuencias das migracións teñen unha repercusión que supera os niveis socioeconómicos e demográficos, para entrar de cheo no campo antropolóxico.

Unha vez arraigados os emigrantes nunha localidade ou rexión, creábase, directa ou indirectamente, unha especie de tradición migratoria que tendía a perpetuarse, proporcionando oleadas continuas cara un mesmo destino, sen provocar por iso o desarraigo da poboación emigrante. En certo senso, a emigración podía explicarse e comprenderse entre os integrantes dunha sociedade pechada e sen dereitos de ningún tipo, coma un costume, un xeito de vida, unha profesión.

Estariamos así ante o que poderíamos chamar “*unha cultura da emigración*”, asentada de cheo na tradición familiar e social na que a emigración é inculcada como norma que xustifica o rol do home na familia e na sociedade. O éxito ou o fracaso deste rol económico e social explicaría a súa curta ou longa ausencia da terra. O seu retorno ou o distanciamento definitivo.

En calquera caso, resulta moi significativo o feito de que o home galego chega a constituír un tipo social na vida de Portugal, que tras pasa unha identidade rexional para plasmarse nun estilo de vida: “*os galegos son homes do Norte, traballadores e adicados a aforrar, que raramente se establecen definitivamente nos lugares do Sur e que mostran sempre ansiedade polo regreso*”. Daí que, para a voz pública, os galegos de Lisboa non sexan só os orixinais de Galicia, senón, tamén, os da outra marxe do Miño, de nacionalidade portuguesa, segundo representacións colectivas moi extendidas.

CAPÍTULO 6

A Lisboa galega



Resulta difícil debuxar a cartografía residencial dos galegos na Corte portuguesa. O terremoto de 1755 arrasou en boa medida as rúas en que habitaban obrigando a remodelar a parte da cidade que lles era familiar. Algúns lugares conservaron o nome mais designan agora espazos novos ou que só vagamente coinciden cos que noutrora se denominaran así.

A presenza galega, xa dende mediados do século XVII, detéctase nun núcleo central composto por Alfama, A Baixa/Ribeira e O Bairro Alto, que no seu conxunto acollen a máis da metade deste colectivo. O resto dos galegos emigrantes aséntanse nas proximidades: a Sé, Pedras Negras, Campo do Curral, Mourería, O Chiado, A Graça e San Vicente de Fora.

Unha moi pequena proporción vive en terreos colindantes a esta populosa cidade, na época escasamente urbanizada e ocupada, nas chamadas “*quintas*”, un espazo que tardará aínda algo máis dun século en ser engulido polo crecemento da capital: Benfica, Alcántara, São Amaro⁷, Belén, A Junqueira e Xabregas, por exemplo. Malia o dito, Lisboa e o seu entorno máis inmediato non era o único destino destes galegos, que tamén atopan a oportunidade de *amealhar os seus vinténs* nas localidades próximas á Corte, tanto a este lado do río (Mafra, Povoia de São Adrião, Cascais, Loures...) coma na outra banda, onde Setúbal, o outro gran porto mercantil da zona, exercerá tamén unha certa atracción sobre algúns membros deste colectivo.

Non son moitos os cambios que nesta distribución espacial se introducen nos anos seguintes, agás a inclinación cara a Baixa, profundamente reformada polo

⁷ São Amaro non era lugar de residencia habitual para os galegos, pero convertírase nun lugar especialmente ligado á colectividade galega até o século XX. Nel levantábase unha ermita adicada ao mencionado santo ao que converterían en centro das súas devocións os galegos residentes en Lisboa celebrando a súa festa por todo o alto cada ano. A tradición lisboeta chegará incluso a soste que a capela era fundación de galegos como consecuencia dun voto realizado, o que era falso, pero a lenda aínda hoxe está representada nos azulexos que decoran o seu interior. ARAÚJO, N. de: *Peregrinações em Lisboa (IX)*. Lisboa, 1993, p. 44-45.

Marqués de Pombal, convertida en verdadeiro corazón da urbe e campo fecundo donde os descendentes dos galegos sementarán os seus negocios. Con razón escribirá J. R. Miguéis que aquel espazo privilexiado convertérase en tempos do seu pai nunha “*sucursal da Provincia de Pontevedra*”.

Os rexistros de enfermos do Hospital Real de Lisboa⁸, estudados polo profesor Lopo, amósannos que para 1745-46, os galegos instaláranse xa en Lisboa de xeito firme, constituíndo por entón un colectivo numeroso e con personalidade propia ben identificado polos funcionarios do Hospital. Un grupo que desempeña na cidade un conxunto de tarefas moi amplo e diverso, pero que se concentra maioritariamente no sector servizos e de xeito especial no desempeño de tarefas sen cualificar, pero que esixen un forte desgaste físico, xa for nos peiraos ou nas rúas da cidade. Iso explica a súa xuventude. Uns individuos que ven no hospital un lugar de refuxio onde acudir cando se atopan próximos ao desfalecemento nos meses en que máis dura e difícil se tornaba a súa existencia na cidade. Neste aspecto, unha institución da solidez e xenerosidade do Hospital de Todos-os-Santos, colaborou sen dúbida á supervivencia dos galegos na Corte portuguesa ao ofrecerlles un amparo seguro e xeneroso para a súa incerta existencia, o que sen dúbida contribuiu á atracción de novos emigrantes ao longo dos decenios seguintes.

Os oficios

A inmensa maioría dos galegos de Lisboa gañan a vida como mozos de corda, oficio que lles dará fama na cidade do Teixo pola súa forza, habilidade, honradez e eficacia, se ben dará tamén lugar ao tópico de xente ruda, ignorante e avara ao non desdeñar ningunha ocasión susceptible de proporcionar lucro, independentemente da súa dificultade, dureza ou repugnancia; *traballar como un galego* ou *ser ben galego* téñense mantido ata o día de hoxe na linguaxe coloquial *alfacinha* como sinónimos, respectivamente, de persoa esforzada e individuo necio.

Nas diversas documentacións consultadas atópanse numerosos xeitos de identificalos: *home/moço de servir*, *home/moço de ganhar*, *ganhareo*, *andar ao ganho*, *home/moço do saco*, *galego do saco* e incluso *home de pao e corda*, facendo alusión nestas últimas denominacións aos seus útiles de traballo, o saco, o pau e a corda que lles servían para transportar as cargas que lles encomendaban, por iso aínda a principios do século XX decíase en Lisboa que os mandamentos do galego eran catro: “*pao, corda, chinguiço e saco*”, sendo o terceiro a almofada de trapos que se colocaban no pescozo co fin de amortiguar o roce e a presión do pau e a sogas con que manexaban a carga que tiñan que trasladar.

⁸ O Hospital de Todos-Os-Santos comezou a erixirse en 1492, grazas a unha disposición de Joan II, no corazón da Lisboa antiga, a Praça do Rossio, para atender gratuitamente aos pobres da cidade e dos seus arredores, por iso foi coñecido tamén cos nomes de Hospital Real ou ben Hospital de Pobres.

Máis adiante se lles apelidará tamén como *moços de esquina*, polo costume que tiñan de apostarse en calquera delas, mentres agardaban a chegada dun cliente interesado en contratar os seus servizos.

Malia a forte concentración de actividades nunha categoría determinada, a lista de traballos desenvolvidos polos galegos é moi ampla. Este grupo humano está neste momento comezando a introducirse no mercado laboral lisboeta e carece dunha especialización que se vai desenvolver pouco a pouco co andar do tempo.

Segue en importancia aos *mozos de fretes*, o oficio de aguador, modesto en número se o comparamos co desenvolvemento que acadará máis tarde, pois se atendemos aos datos do século XIX chegan case a monopolizar o gremio, até o punto de que *aguadeiro* e *galego* convértense en sinónimos. Mais, a mediados do XVIII, confundidos con *minhotos e beirões*, comezaban xa a se agrupar ante os novos *chafarizes* que a magna obra das Aguas Livres permitiu multiplicar por Lisboa a partir de 1744, pero aínda está lonxe a culminación da ambiciosa empresa que, moi probablemente, contribuirá nos anos vindeiros ao crecemento deste lucrativo sector.

Os aguadeiros de Lisboa, a gran maioría galegos, impuxeron unha serie de normas que máis tarde se converten en ordenanzas municipais. Os *aguadeiros* tornáranse célebres, identificados cos galegos, que tiñan ao seu cargo tanto o abastecemento da auga coma o socorro aos incendios en Lisboa, organizados en compañías arredor das diversas fontes. Os emigrantes galegos que se adicaban á venda de auga e outros menesteres na cidade do Porto tiñan outras pautas diferentes ás que practicaron os galegos de Lisboa.

Mais outros tipos de ocupacións tiñan connotacións con galegos. Toda unha serie de oficios subsidiarios uns dos outros e nos que o tema central reside en acurtar e reservar a súa identidade galega. Como xa comentamos, os seus servizos foron tan necesarios que na chamada *Guerra das Laranjas* de 1803, as autoridades lusas non expulsaron aos galegos ao darse conta de que sen eles a cidade se pararía. Pois ben, isto volve a repetirse en 1829, cando os galegos se posicionan politicamente no bando miguelista, porque os liberais tentaban que a traída das augas chegase a cada fogar, o que supuña un perxuízo para os intereses dos *aguadeiros*. Esa orde de expulsión foi revogada polas autoridades liberais, o que é indicativo do poder que tiñan os galegos.

Nos estudos consultados do Profesor Domingo Lopo sobre os rexistros do Hospital Real, chama poderosamente a atención o escaso número de criados, cando en textos dos anos vinte do século XVIII fai referencia ao galego como servidor indispensable para os viaxeiros de paso por Lisboa. Posiblemente a explicación se atope no feito de que o servizo doméstico temporal fose unha máis das actividades desenvolvidas polos galegos, de modo que moitos deses *homes de servir* serían criados nalgún momento, volvendo logo ás súas esquinas á espera de nova ocupación, pero resulta imposible marcar una liña divisoria entre eles que deslinde categorías precisas. O feito de que unha e outra denominación (*servir/ganhar*) se

empreguen de forma indiscriminada e como sinónimos, según demostran as anotacións feitas en ingresos sucesivos no Hospital, confirman a idea de que os servidores domésticos fixos deberían ser na época unha minoría. Malia o dito, os dez reseñados no rexistro do hospital si serían criados en exclusiva e de maneira permanente. A propia institución hospitalaria empregaba a estes galegos como servidores; un total de trece declarábanse como tales. A maior parte en traballos duros e pouco gratos; sete atendendo as *cadeirinhas*, é decir, como padioleiros trasladando enfermos e catro como sepultureiros.

Dezaseis preséntanse como mariñeiros, circunstancia que non pode extrañar por canto algunhas das localidades de que proceden son costeiras; éstos polo menos puidieron empregarse nun medio que non lles resultaba alleo. Con todo, a versatilidade dos galegos era grande e algún de terra adentro acabou gañando o pan cabalgando sobre as ondas.

Despois a lista alóngase demostrándonos que xa en 1745-46 se podía encontrar a un galego en calquera lugar de Lisboa adicado a calquera cousa, sen que falten os oficios que andando o tempo serán característicos deste colectivo: carboeiros, taberneiros, vendedores ambulantes, carniceiros, barqueiros no porto, arrieiros, medidores de trigo, cabaleirizos... Dous din ser gaiteiros, o que plantea a dúbida de se estarán facendo mención das súas habilidades respecto a súa terra de orixe, ou se ben gañaban algúns *vinténs* animando as reunións dos seus paisanos ou os seus veciños *minhotos*, pois o mencionado instrumento era tan extraño aos lisboetas como eles mesmos.

Canto levamos dito non esgota a nómina de ocupacións, pois tamén no mundo da marxinação estaban presentes os galegos. Trinta se declaran mendigos (un deles un menor); dous están presos no temido cárcere de O Limoeiro e outros dous aseguran carecer de ocupación, que é como decir mendicante vergonzoso, ou ben recién chegado a Lisboa sen ter tempo para tomarlle o pulso á cidade.

Xa no século XIX e voltando ao informe consular de 1873 a distribución por actividades presenta unha imaxe diferente; os *moços de frete* supoñen para a época aínda un grupo respectable, pero non alcanzan o 26% do total.

Os oficios máis comúns dos galegos en Lisboa van a ser, sobre todo, aguadeiro, mozos de fretes ou de carga, servizos domésticos, enlaces e recadeiros sobre “*tapedillos*” amorosos. Todos estes oficios foron tan importantes que aos máis prestixiosos cronistas extranxeiros non lles pasaron inadvertidos, como Giuseppe Baretta, Giuseppe Gorani, Dumouriez, William Dalrymple, Arthur William Costigan, o Marqués de Bombelles, William Beckford, Murphy, Carrère, Link, Robert Southey, Carl Israel Ruders e Charles Frédéric le Merveilleux. Todos eles viron de diferente xeito, en positivo e negativo, aos galegos de Lisboa. Moi significativa é a opinión que expresa Carrère no seu libro, traducido ao portugués, *Panorama de Lisboa* no ano de 1796:

Existe em Lisboa uma raça de gente que se destaca da restante: forte, ativa, nervosa, cheia de vigor, expedita, ágil, sempre de cabeça erguida, o

olhar vivo, aspecto altivo e decidido. Esta gente aparece em toda parte: nas praças, as esquinas das ruas, nos cais, na margem do rio, à porta dos armazens, nas oficinas, nas obras públicas. Sempre ao dispor de quem a procura, porque nunca é ela a oferecer os seus serviços: *aguarda numa orgulhosa tranquilidade, que lhos peçam.*

Sao homens que dao logo nas vistas ao observdor pelo completo contraste com o portugues comum, do qual nao possuem qualquer das características, nem modos, nem costumes. O simple espectador é levado a considerá-la, desde logo, uma espécie de gente privilegiada que se imunizou à influencia das causas múltiplas, físicas e morais que contribuíram para abastardar a espécie humana em Portugal. Esta impressao immediata é justa e tem algum fundamento. A surpresa, porém, desaparece logo que o observador vem a saber que se trata de uma colónia estrangeira que nao se fixa aqui e que continuamente se renova. Sem ela, o comércio ficaria desprovido de braços, os trabalhos públicos sem execucao. É gente que nao para de trabalhar, amealhando o dinheiro que ganha e que leva consigo quando volta à sua terra, contribuindo assim para empobrecer o país que o enriquece.

Estes homens sao os galegos espanhois de nação, todos originais da província da Galicia, a mais povoada da Espanha, que nao pode sustentar todos os seus filhos.

Existe uma contínua corrente migratória desta província para Portugal; vem uns, abalam outros e, logo que amealhan uma pequena fortuna, regresan à súa terra, vindo outros a angariar a sua.

Os galegos dao a Portugal muitas classes de trabalhadores: estivadores ds portos e das alfândegas, mariolas, carregadores, augadeiros, moços de recados, muitos dos criados e cozinheiros da burguesia. Sao, ao todo, cerca de oitenta mil, espalhados pelos diversos pontos e cidades de Portugal, e só em Lisboa existen uns quarenta mil.

Estao organizados em corporações, em ranchos, cada qual coom o seu chefe, também galego, o qual exerce uma espécie de política correcional.

Poucos sao os que fixam em Portugal; no geral regressam à sua terra logo que reúnem a soma suficiente para comprar alguns bocados de terra na sua província, aonde iam em viagem de tempos a tempos deixando lá de cada vez as suas economias, fruto do seu trabalho.

Trabalham muito e vivem com economia, fazendo, conseqüentemente, bom pé-de-meia. Estao calculadas en nao menos de cento e cinquenta libras tornesas as economias de cada galego, o que perfaz a soma de cerca de doze milhoes de libras tornesas que saen todos os anos de Portugal, para nao voltarem, nem em espécie, nem em géneros, nem em mercaderia.

Os seus servizos preferidos aos dos nacionais, os galegos sao menos obsequiosos, menos agradáveis, menos adutores, mas sao mais orgulhosos,

mais bruscos, mais aseados, mais compostos, menos pedichoes, mais listos, desembaraçados, vigorosos, inteligentes, exactos e mais fieis, possuindo ainda, além de tudo isto, o mérito da fidelidade. Os portugueses sao sóbrios por necessidade, os galegos por carácter”.

Pola contra, hai outros cronistas, como Gorani e Merveilleux, que analizan positivamente o papel xogado polos galegos en Portugal. Outra das fontes de investigación que axudan a ter unha comprensión arbitraria é a feita dende o lado portugués, sobre todo por intelectuais, dos que boa parte foron contrarios aos galegos. Nomes como Camoens (descendente de galegos), Bocage, Almeida Garret, o abade de Jazente, Coelho de Figueiredo, Nicolau Tolentino, Agostinho de Macedo, Herculano, Eça de Queirós, Camilo Castelo Branco ou José Saramago; todo un continxente de opinións interesadamente contrarias que pesan máis que as favorables.

A Romaría dos galegos

As diversas relacións sociais dos galegos en Lisboa teñen unha serie de cambios que a súa propia dinámica esixe e que os leva a outras infraestruturas e a ter un peso político decididamente reaccionario. No século XIX non é menos o peso que teñen ao tomaren unha serie de iniciativas para permanecer como galegos; un tipo de casta diferenciada. E a súa idiosincrasia galega manifestábase naquela festa dos galegos, o día de San Mauro ou San Amaro, que celebran durante tres xornadas a partir do 15 de xaneiro de cada ano para expresar natural e espontaneamente a súa indumentaria, a súa comida e a súa lingua, como xeito de amosar as súas orixes.

O mesmo Leite de Vasconcelos reproduce noticias de xornal de 1902 e 1903 que describen bailes populares na romaría de Santo Amaro, a Alcântara, e na festa de San Vicente⁹, todas en Lisboa, ao son de gaitas tocadas por emigrados galegos. A romaría de Santo Amaro, por ser santo de grande devoción en Galicia, era sempre moi concorrida polos galegos e era mesmo conhecida como a «*festa dos galegos*». Os lisboetas admirábanos ao bailar ao son da gaita, caixa e bombo.

Todos estes rasgos definen a unha poboación itinerante, que busca empregarse en actividades amplamente demandadas e susceptibles de xerar ingresos satisfactorios en espazos de tempo non excesivamente dilatados. Este carácter transitorio non lle impedía desenvolver internamente uns lazos de forte cohesión e

⁹ A noticia relativa á festa de San Vicente ata identifica aos naturais de Tui que constituían o grupo musical composto por tocadores de gaita, tambor e castañolas.

solidariedade, aínda pouco estudados, pero que presentan uns indicios significativos, como a tendencia a unha concentración espacial nos ámbitos urbanos nos que residían¹⁰.

As relacións intracomunitarias dos galegos

Tamén a nivel laboral atopamos importantes exemplos de organización. Os *aguadeiros* de Lisboa posuían certa organización interna, como o demostra o feito de que a festa de acción de grazas que polo restablecemento do rei D. Miguel levaron a cabo o 26 de abril de 1829, foi acordada por “*os capataces de todos os aguadeiros da capital reunidos no chafariz de El Rei*”.

Se acreditamos nas afirmacións despiadadamente satíricas de algúns escritores portugueses, a solidariedade e cooperación, dentro do grupo inmigrante galego, ía moito máis alá do terreo estritamente laboral. Os tópicos das diferentes épocas recollen que este sentimento chegaba a conformar un espírito de grupo fortemente consolidado que, directa ou indirectamente, ao tempo que mantiña a súa personalidade, impedía a súa completa integración na sociedade portuguesa na que vivían:

“a colonia galaica era no seu tempo (refírese a finais do século XVIII) a mais unida de quantas populações estrangeiras se acoitavam em Lisboa. Esse fortíssimo liame que a ligaba era un amor patrio levado ao excesso, exageradamente comprendido e practicado. O cidadão de Tuy que se prezaba de o ser, para que estivesse bem aceite no seu gremio, para ter todos a seu lado devia de comungar nas mesmas ideias de uniao entre si e de intransigencia para com os portugueses. Nao devia comer os seus grabanços e a sua meia desfeita se nao nas casas de malta dos filhos da Galicia (...). Daqui os galegos levavan apenas o dinheiro. Nem cinco reis lucravan, com os laboriosos aguadeiros, os negociantes alfacinhas. Todas esas máquinas de suor (...) nao deixavam aquí mais do que esse mesmo suor que distilavan. Os alfaiates desses milhares de patriotas eram galegos, como eles; galegos tambem eran os seus çapateiros, os seus hospedeiros e os seus barbeiros; e inclusivamente, quando acertavam de casar cá, a moça havia de ser forçosamente de Tuy ou de Sant'Iago de Compostela”.

Referíase así o escritor Sequeira, G. de Matos.

¹⁰ Así en Porto, a maior parte dos galegos (o 72%) concéntranse nas tres parroquias situadas no centro antigo da cidade, zona portuaria e comercial. Alfama e o Bairro Alto, como xa apuntamos, son os centros neuráxicos da presenza galega na literatura costumbrista lisboeta.

Fronte a isto, dinos o escritor Modesto Fernández y González no seu artigo *Los gallegos en Portugal*, publicado en *La Ilustración gallega y asturiana*:

“No hay más que recorrer las poblaciones del vecino reino, penetrar en los establecimientos comerciales, seguir paso a paso las diversas industrias y el movimiento mercantil, y se verá a nuestros compatriotas tomar una parte muy activa en el desarrollo de la riqueza pública. Y no solo fomentan la riqueza en provecho propio y en beneficio del país donde se hallan domiciliados, sino que contribuyen, por medio del espíritu de asociación, a crear escuelas, a fundar hospitales y a establecer todo linaje de sociedades benéficas.

(...) Los gallegos en Portugal son modelos de trabajo. En Lisboa, en Oporto, en Vianna do Castelo, en Coimbra, en Braga y en otras ciudades del reino lusitano utilizan sus servicios, lo mismo en el campo que en el taller, así en las obras públicas como en las particulares. Domina en ellos de tal forma la honradez, que las familias confían a su intachable pureza la propia fortuna. Obedientes, sobrios, laboriosos, su afán es el trabajo y su deseo regresar a la madre patria con el producto de sus ahorros.

